



Pagamos o canon do  
Ministro de Cultura...

CANON



...o canon do enchufe  
na Xunta...

CANON



...e o canon do secta-  
rismo cos fondos

CANON

## 74 MINI-YO DE TOURIÑO

400 MILLÓNS EN ASESORES DO PRESIDENTE,  
UN 36% MÁIS DE GASTO EN PERSOAL DE GABINETE NA XUNTA



### O aforro do Bi⚡partido

Chega o final do exercicio orzamentario e un ano máis, grazas á excelente xestión do bipartido, **a execución do orzamento na maioría das Consellerías non volve a superar o 60% do total.** Así que temos que felicitarnos posto que, por segundo ano consecutivo, debido ó apretón de cinto do bigoberno por falta de proxectos políticos, imos aforrar uns cantos millóns de euros, algo de agradecer, pensarán, nestes tempos nos que se aveciñan grandes nubarróns na economía galega.

Xa non sabemos se esta incapacidade para gastar o orzamento, principalmente no que atinxe ás partidas de investimentos, débese á desidia ou á incompetencia dos responsables políticos dos centros xestores. O certo é que lles da igual gastar un 50 ou 60% das partidas orzamentarias. A bo seguro pensarán, todo o que non se gasta afórrase, o cal se traducirá nun suculento maná que será ingresado

nas arcas da Consellería de Economía e Facenda.

Unha vez máis, os funcionarios destinados nos centros de xestión asisten a este desastre e observan como os cartos péndense por falta de liderazgo, ideas e programas de investimentos. Seguramente estes responsables "da cousa pública galega" crerán que estamos saturados de infraestruturas e servizos e, polo tanto, o que toca é "aforrar", iso si, **para gastar como ven sendo costume nestes dous últimos anos en chiringuitos, "asesores", xornadas, berlinas de representación, e publicidade fogueteira** do goberno de Galicia/Galiza

Un se pregunta para qué queren os millóns de euros que disque o BNG sacou do PSOE madrileño, e dos que tanto presume, a cambio de retirarlle a sogá á Ministra "Do Plan Galicia de

mier...", se non van a saber que facer con eles. Para quitarlles un problema, aconsellámoslle que os reparta entre os empregados públicos por soportar tanta incompetencia e para compensar a **desviación máis importante do IPC galego nestes últimos anos e axudar ao pago das hipotecas.**

Iso si, para que todo pareza o contrario do que é, porán en marcha a maquinaria propagandística tendente a revirar a realidade e tomarnos por parvos. Bombardearannos con mensaxes "cheos de contido" tipo, estamos a facer país, o país está a cambiar e crecer como nunca, xérase máis confianza e emprego que nunca, a administración funciona "dabute"... Todo isto, claro está, debido ao bino do bipartido, capaz de facer isto e moitas cousas máis por arte de maxia, aínda sen ser quen de executar o orzamento. **¿Quén da máis?**

### Felicítamos a...

nin menos que o Ministro de CULTURA veu a inaugurar unha BIBLIOTECA... ¡SEN LIBROS! Iso si que é cultura.

Porque, con un par, o Ministro do Canon estreneuse en Galicia na provincia pola que é candidato do PSOE. Nin máis

...César A. Molina



# “Con ANSÍA de protagonismo”

por Suso de Buey

## OUTRA DESFEITA DO BI-PARTIDO NA CONTRATACIÓN TEMPORAL

A contratación de persoal laboral temporal para interinaxes e substitucións na Xunta de Galicia regulouse a través do Decreto 37/2006. Esta norma xa foi rexeitada no seu día pola CSI-CSIF por entender que non ía a resolver de xeito eficaz a xestión das substitucións do persoal laboral que resulta necesario cubrir. Sen dúbida o tempo veu en darnos a razón. Pero, ademais, a aplicación que o bi-partido está a facer do dito Decreto está a xerar innumerables críticas que os perxudicado/as achegan unha e outra voz a este sindicato.

Un exemplo claro delo sucede nos supostos de determinadas categorías profesionais do Grupo IV do Convenio Colectivo nas que non está prevista a agrupación de municipios limítrofes o que trae consigo que, cando dun centro de traballo a outro haxa unha distancia en kilómetros considerabel e alguén que está nunha desas listas sexa chamado para traballar media xornada e se negue, resulta penalizado coa exclusión da dita lista por un ano, según di textualmente a norma aínda que, na práctica, a exclusión sexa de dous anos como mínimo, xa que as listas teñen un período de renovación do 1 de marzo ao 15 de xullo de cada ano e si nese período hai unha penalización, o perxudicado ten que esperar ao ano seguinte para solicitar a súa incorporación novamente e, despois, a esperar a que se baremen as solicitudes e se publique a lista provisoria (en novembro ou decembro), co que non se incorpora novamente á lista de substitucións ata pasados dous anos dunha penalización a todas luces inxusta e incoherente.

Outra das deficiencias do dito Decreto que a CSI-CSIF está a observar de cotío dase na xestión das listas de categorías como Médicos, ATS/DUE ou Cociñeiros que, ao non haber nadie inscrito nas mesmas porque o persoal laboral suxeito ao Convenio da Xunta de Galicia está moitísimo peor retribuído que o destas mesmas categorías no SERGAS ou mesmo na sanidade privada, os servizos de persoal fan un chamamento xenérico ao Servizo de Emprego (INEM) e, aínda no suposto que haxa xente nese Servizo, non se lle pode contratar se non están en posesión “do título acreditativo do coñecemento do galego”. Co cal a esa xente se lle di “sintese..., pero sin o papeliño do galego, nada”. E claro, os vellos das residencias da terceira idade están mal atendidos porque os centros están a mínimos de persoal; Velaí un exemplo claro do que non se debe facer cun idioma cando se convirte nun fin en si mesmo e non no que debe ser: un medio de expresión que facilite unha axeitada prestación dos servizos públicos pola Administración, pero non nun atranco.

Pero a desfeita non se quede niso porque o Decreto foi “cumpridamente perfeccionado” pola omnipresente Vicepresidencia da Igualdade e do (seu) Benestar que puxo en marcha un sistema “excepcional” de selección do persoal dese exponente de tufillo totalitarista e de pensamento único chamado “galescolas” que se basea no método de selección de Juan Palomo “yo me lo guiso y yo me lo como”, mandando literalmente “a tomar polo cú” o devandito Decreto 37/2006 utilizando un método cheo de “obxectividade”: Se nesa entrevista o aspirante amosa que ten un “**Baremo Non Garantido**” (BNG), cumpre cos “estándares esixidos” e xa entre a acumular puntos para o posterior concurso-¿oposición?.

## Rubén's Friends

Dirección: **Rubén Lois González**

Producción: Turgalicia/Xacobeo

Guión: C. Innovación = BNG

Xénero: para votarse a chorar

Duración: por favor que sexa pouco

Argumento: O que saíu no derradeiro Boletín da CIG sobre a praza de xornalista no Xacobeo para un amigo/a do Director Xeral de Turismo, Rubén Lois González (Iván Piñeiro ou Isabel Chousa) non é máis que outra demostración do que é vox populi : o guiño de película que está desenvolvendo este persoeiro co consentimento do Conselleiro de Innovación e Industria, e por tanto do partido que os sustenta: a axencia de colocación e dación de prebendas ós amigos militantes .

Reparto: **Xosé Santos Solla**, amigo de correrías profesionais na USC, nomeado concelleiro-delegado en Turgalicia polo que cobra por cada sesión do consello de administración do ente a que asiste. Ademais é presidente do CETUR polo que cobra polos encargos e convenios que se lle fai desde a Dirección Xeral de Turismo que no son poucos.

**Mª Angeles Piñeiro**, era/é investigadora en formación e perfeccionamento no Idega, dentro do grupo de traballo do que Rubén Lois era/é investigador principal e Santos Solla coordinador. Agora desempeña, desde xullo, o cargo de Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, un híbrido na nebulosa pero que xa vai contratar 3 persoas como persoal laboral...pronto comunicaremos os nomes, antes da resolución....


**Mª Antonia Pérez Rodríguez**, profesora titular do departamento de Biblioteconomía e Documentación de Humanidades da UDC con dedicación PO3 en setembro e agora PO6, non lle debe chegar o que lle paga o Xacobeo por ser a Xerente de promoción turístico-cultural do Camiño de Santiago.... e iso que traballa nas oficinas que ten arrendadas o Xacobeo na Rúa do Vilar, cando polas bases do concurso da praza tiña que ter despacho propio porque é “free-lance”, entre outras cousas.... nas que xa afondaremos.

**Antonio Javier Ferrería Fernández**, antes de ser Secretario Xeral da Vicepresidencia de Igualdade e do benestar, foi o redactor-ideólogo do anteproxecto de Lei de turismo polo que cobraría uns cartiños que esperemos foran acorde có nivel do devandito borrador...

**José Manuel Becerra**, Concelleiro do BNG no concello de Baralla e desde o ano pasado desempeña unha praza de lingüista no Xacobeo.

Seguiremos falando.....





The yellow submarine

## Subalternos o la deuda histórica

Si en el ámbito de la Administración de la Xunta de Galicia hubiese que hablar de una deuda histórica ineludiblemente tendríamos que referirnos a los Subalternos. La discriminación y el maltrato que estos funcionarios han recibido históricamente por parte de la Administración a nadie se le escapa. **Un cuerpo**, éste, que desde siempre ha sido **privado de cualquier posibilidad de carrera profesional, condenados desde su ingreso** en la Administración, y salvo excepciones contadas, al grado y nivel mínimo. Aunque las funciones ordinarias de este cuerpo consisten, según lo dispuesto en la Disposición Adicional 1ª de la Ley 4/1988 (modificada por Ley 8/1999), en la "vigilancia, custodia, reparto de correspondencia y documentación, transporte manual, centralita, reprografía y otras semejantes", la realidad cotidiana es que asumen otras muchas funciones con un grado de responsabilidad que en modo alguno se les remunera. Y **con el agradecimiento personal y la palmadita en la espalda no se pagan hipotecas ni facturas...** El manejo de programas informáticos para el despacho de correspondencia, la conducción de vehículos para el transporte de correspondencia, material diverso e, incluso, el ejercer de "chofer" para traslado de superiores son, entre otras, funciones ordinarias en el día a día de estos funcionarios.

Si en el resto de los cuerpos, en mayor o menor medida, los demás funcionarios han podido desarrollar una, aunque pequeña, carrera profesional, alcanzando niveles superiores al mínimo de ingreso y consolidando grados, todos conocemos a funcionarios del Grupo E que desde hace más de diez, quince e, incluso veinte años mantie-

nen el nivel mínimo con el que ingresaron en el Cuerpo: el nivel 10.

Hasta la fecha, todas estas funciones de mayor responsabilidad se vienen realizando apelando a la buena voluntad de estos funcionarios, en unos casos, o recurriendo a las amenazas veladas, en los menos; gratificándoseles en ocasiones de forma extraordinaria, discriminatoria y arbitraria pero sin que ello repercuta en modo alguno en su promoción profesional y quedando dichas gratificaciones al libre albedrío y gracia del superior de turno. Es decir, **sí existe un reconocimiento de hecho, pero no de derecho.**

Por ello **la Administración debería de incorporar como objetivo inmediato y por razón de justicia, la subida generalizada del nivel 10 al 12**, que pasaría a ser el mínimo del cuerpo. Además en cada Consellería, tanto en servicios centrales como en sus delegaciones, **la CSI-CSIF exige que se cree un puesto de portero mayor con nivel 14** de complemento de destino.

En tal sentido, CSI-CSIF presentó en la pasada Junta de Personal de Servicios Centrales una propuesta de mejora de las condiciones de trabajo de este personal que empezaba por una subida generalizada de niveles; propuesta que encontró el **rechazo frontal de una de las centrales sindicales**, la cual, curiosamente, dice defender los intereses de la clase obrera (sic). A pesar de dicha oposición inicial, CSI-CSIF volverá a instar el consenso sindical para, con o sin él, liderar la defensa de una auténtica carrera y promoción profesional de este colectivo.

Jotadebé

# DÍXOME DÍXOME

**DÍXOME** que foi escandaloso o gasto que supuxo o acto do Himno que Touriño celebrou en Cuba. Que si as visitas "preparatorias", que si a estancia alí, sen escatimar, dun bo feixe de persoas e o acto en sí: é inimaxinable o que puido valer o dispositivo da TVG e cada minuto de satélite para a retransmisión. Por certo, de mala calidade.

**DÍXOME** Contan que hai unha secretaria xeral, tan inepta e negada para o cargo que os funcionarios xa non saben se amotinarse ou empurrala polos pasillos ata sacala de San Caetano.

**DÍXOME** O persoal ali presente que o discurso de aninovo do presidente, que durou 5 minutos, tardouse en grabar 2 horas e que houbo palabras na "tourilingua" que foi imposible de traducir ao galego normal, por máis que se repetiron tomas.

**DÍXOME** que para lectura de discurso, a do Ministro de Cultura na inauguración da biblioteca sen Ánxela e sen libros. Xa circula no Youtube. Digno de ouvir.

**DIME TI:** [h.toupeiras@gmail.com](mailto:h.toupeiras@gmail.com)

CSI-CSIF SS.CC.

## Que hai de news, vello?

### 1.PROCESOS SELECTIVOS OPE 2007:

#### a.FUNCIONARIOS ADMINISTRACIÓN XERAL

##### 1.Acceso libre

**a.Auxiliares administrativos:** 1º exame (2/12/07): Impúgnanse 11 preguntas, fíxase nota de corte en 56 preguntas acertadas DOG 28/12/07. Publícase data prevista para a realización do 2º exame: febreiro do 2008

**b.Subalternos:** Pendente notas 1º exame realizado o 15/12/07

**c.Grupos A, C:** Pendente publicación no DOG convocatorias aprobadas na Comisión de Persoal de data 28/12/07. Antes do 15/01/08, segundo FP

**d.Resto de Grupos e escalas da OPE 2007:** Segundo FP estas convocatorias, xunto coas que quedan pendentes da OPE do 2007 negociáranse no primeiro trimestre do ano

##### 2.Promoción interna:

**a.Grupo A, B e C:** Listas provisionais de admitidos e excluídos - DOG 03/01/08. Publícase data prevista para a realización do 1º exame: abril do 2008

**b.Grupo D:** Listas provisionais de admitidos e excluídos DOG 21/12/07. Publícase data prevista para a realización do 1º exame: febreiro do 2008

**b.FUNCIONARIOS ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:** A convocatoria de todos os grupos e escalas da OPE 2007 está pendente da súa publicación no DOG, antes do 15/01/08, agás as convocatorias de arquitectos, enxeñeiros de telecomunicacións, arquitectos técnicos que se negociarán no primeiro trimestre do 2008.

**c.LABORAIS:** as convocatorias para as 78 prazas da OPE do 2007 (1 Titulado superior especialista, 14 Titulados superiores ambientais, 3 Técnicos ambientais, 5 Axentes auxiliares de inspección de transportes e 55 Legoeiros) se negociáran no primeiro trimestre do 2008, segundo Función Pública.

**2.CONCURSO XERAL DE TRASLADOS:** publicadas no DOG de 28/12/2007 as listas definitivas de admitidos e excluídos. Segundo FP a data de resolución do concurso de traslados de funcionarios, está prevista para a primeira quincena de febreiro

**3.PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO:** as prazas correspondentes o proceso de consolidación de emprego, se determinarán antes da aprobación da OPE-2008

**4.OPE 2008:** se publicará, antes de rematar o primeiro trimestre de 2008

**5.LISTAS DECRETO 37/2006 PARA LABORAIS E PERSOAL INTERINO:** publicadas no DOG do 31/12/2007: as listas provisionais de admitidos e excluídos de novas inclusións, prazo para reclamar 10 días. Todo o mes de xaneiro para modificación de ámbitos.

**6.FONDO DE ACCIÓN SOCIAL:** pendente de publicación no DOG



# CONVERSAS BIPARTITAS

SE GRABAN



- **Quintana:** Emilio, ¡el chiringuito, el chiringuito!

- **Touriño:** Quién es?

- **Quintana:** Son Anxo.

- **Touriño:** A que ven que no mes de xaneiro me cantes a canción do verán de George Dan?

- **Quintana:** Non home non. Non te enteras, acabamos de crear outro chiringuito. Ti xa me entendes... Nós con este xa levamos 5, vanse enterar esos do CSIF ..... Chámote para informarte de que me chamaron os iankis de Bush, dínme que, se seguimos a crear chiringuitos a este ritmo, vannos sacar no Guinness. ¿Cantos levas tí?

- **Touriño:** Nos tamén levamos 5,

pero temos pensado crear outros tantos de aquí ó remate da lexislatura. ¿En canto está o record?

- **Quintana:** Según me din, parece que en dous anos xa temos igualado o de os outros en varias lexislaturas, e xa estamos nos niveis de Chaves en Andalucía. ¿Cando lles digo entón que manden aos inspectores para que o certifiquen?, Emilio pensa que é unha oportunidade para Galicia, o libro Guinness léese en todo o mundo.

- **Touriño:** Quizáis sería mellor que viñeran no 2009. Xa me entendes, disporíamos de máis tempo e entón seríamos practicamente imbatibles.

- **Jesús:** Quin, estádevos pasando...

- **Quintana:** Quén é?

- **Jesús:** Son Suso, o da CIG, ¿qué lle digo ós afiliados e a todos os que nos votaron?

- **Quintana:** Dalles publicidade dos monicreques ou dos contacontos para telos entretidos.

- **Jesús:** ¿E que lle digo ó meu equipo directivo?

- **Quintana:** Lémbbralles cal é canteira do BNG. Dilles que se seguen caladiños pensaremos neles para un carguiño.

- **Touriño:** Quin, teño unha empanada mental. ¿Pero nos non éramos partidarios do sector público?

- **Quintana:** Non home non, esquece-te, eso non é moderno. Xa verás, con este record do Guinness e coa Cidade da Cultura daremos a coñecer Galicia convertíndoa nun icono mundial da modernidade.

O 93% DO DIÑEIRO DOS CONVENIOS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA VAI PARAR A CONCESSIONS CON ALCALDE DO PSOE, QUE SON O 32% DO TOTAL...



...E O RESTO A COMER COELLO

## RANKING SINDICAL

### A P R O B A D O

#### Dirección X. de Conservación da Natureza e Subdirección X. de Persoal de M. Ambiente

Por posibilitar, ó remate da primeira fase da negociación co persoal laboral, importantes logros como: Complementos de singularidade de toxicidade e penosidade, reclasificación dos postos de celador 2º/vixilantes de recursos naturais, do grupo V ao grupo IV - a partir do 01/01/2009- e ampliación na prestación de servizos do persoal fixo-discontínuo a nove meses, como mínimo

### S U S P E N S O

#### Secretaría Xeral da Consellería de Medio Rural

Pola súa nula capacidade de negociación con todos os colectivos que traballan para a defensa contra os incendios forestais, xa que parece que está por afrontar a todos eles; laborais, técnicos, axentes, etc..., nun intento de xustificación á desesperada da existencia da empresa (¿?) SEAGA

#### Secretaría Xeral da Consellería de Innovación

Pola súa estrana e discrecional política de aforro, tanto en material de oficina, como no pagamento das dietas do persoal ao seu cargo que trata de xeito caprichoso. Algúns traballadores teñen que pagar do seu peto, tanto as comidas en ruta, como os gastos por aloxamento que teñen que realizar por actos do servizo. É increíble!, se quere aforrar que empece por recortar os gastos superfluos e innecesarios dos altos cargos.



[www.toupeiras.blogspot.com](http://www.toupeiras.blogspot.com) [h.toupeiras@gmail.com](mailto:h.toupeiras@gmail.com)